

## Agora e tempo de lampreas

Escrito por Antonio Valverde  
Xoves, 06 Xaneiro 2011 21:52

---



Así é. Pasado o Nadal, comezan a subir polo río que as veu nacer hai arredor duns sete anos, de volta da misteriosa viaxe que as levou ata o mar dos Argazos sen que ninguén saiba, ata agora, o motivo de tan longa viaxe. Certo que a viaxe, aínda que longa, non é de esgotar moito, porque tanto na ida como na volta, aprovéitanse doutros peixes aos que se prenden coa boca, que teñen chea de afiadados dentes. E non só viaxan de balde, senón que é a mantido pois zúganlle o sangue ao pobre do peixe. Tampouco se sabe como adiviñan o camiño que levan os peixes aos que se prenden, non llo preguntarán a sabendas do pago que lle van dar polo porte para que as leve, ou os leve, que hai machos e femias, preto do lugar onde queren chegar.

Agora é o tempo, no que parece ser que unha irrefreable “saudade” as fai volver ao lugar onde naceron e viviron preto de tres anos. Veñen perpetuar unha especie que vén de lonxe no tempo, atopáronse na China e na África fósiles de hai 360.000 anos. Na area do fondo do río, o seu río e non outro, o río que recordan polas sombras dos ameneiros das ribeiras, pola frescura das burbullas do aire que os rápidos envolven nas augas e que elas respiran polos sete buracos de cada banda da cabeza, polo sabor que lle dan ás augas a chea de microorganismos que levan con elas e das que se manteñen, nesa area, fan un niño de pedras que van xuntando en forma de circo levándoas coa boca. Os machos, nese intre, non son machistas e axudan a facer o niño onde a femia asenta uns 200.000 ovos que, por quendas, vai soltando canda unha apaixonada aberta dun macho, tampouco para iso son machistas pois póñense un tras outro a espera para frezar na femia, que colléndoa coa boca pola cabeza, roscase nela preméndoa para que solte os ovos ao tempo que el bota o esperma enriba deles. Dos ovos nacerán as novas lampreas que pasarán uns tres anos enterradas nas areas do río de onde partirán para facer a viaxe cara ao mar dos argazos.

Este bicho, de certo que é feo coma un bicho, pásalle coma a moitas mozas que aínda que sexan feas están moi boas no seu tempo. Agora é o tempo das lampreas e hai quen marca o

## Agora e tempo de lampreas

Escrito por Antonio Valverde  
Xoves, 06 Xaneiro 2011 21:52

---

día de papalas. A coroa británica, tradicional ela, celebra o cabo de ano do pasamento do rei Enrique I, chamado O Sabio, que morreu dunha enchente de lampreas no mes de novembro de 1135. Novembro non é un mes moi doado para lampreas por iso lle deberon estragar a saúde. O 25 de marzo celébrase o día de San Hermelando, abade dun mosteiro asentado nunha fermosa illa no esteiro do Loira, río lampreeiro coma poucos, que farto de pasar fame, invocou a Deus para que lle mandase unha lamprea e mandoulla. Outros, como un veciño do Val Miñor, nado en Gondomar, convidaba todos os anos a xantar lamprea a uns corenta amigos, o día 1 de marzal, día de seu santo, Anxo. En lembranza de seu pai, un fillo non deixa pasar ese día sen papala.

Hai pouco, os veciños da parroquia de Mañufe ollaron, baixo a Ponte do Acordo, un algo que pensaron fosen lampreas. Fíxose unha investigación por técnicos da universidade e poderían ser os tales peixes, pero aínda non está certo que ó sexan. De ser certo, o Miñor sería un río onde ese criasen estes peixes que polo xeito de amarrase ás pedras coa boca, chuchona e coroada con 124 dentes, cádralle o nome de “lamepedras” e logo “filólogos das silveiras”, que os hai na bisbarra, farían a muda da verba “lamepedras” a “lampedras” chegando a “lampreas” do mesmo xeito que fixeron co nome Laureana derivándoo de “Laourensana” dando por certo que a tal Laureana viñera de Ourense para vivir en Gondomar.

Ata agora, os Miñoráns, para comer lampreas, tiñan que desprazarse aos pobos das ribeiras dos ríos lampreeiros como o Miño, o Umia, ou outros de máis lonxe, e pagaba a pena, agora non fai falla ir moi lonxe, pois unha familia dun pobo ben lampreeiro como é Sela do Concello de Arbo, onde aseguran os mais ilustres larpeiros que danse as mellores lampreas, asentouse na Ramallosa pondo un axeitado bar e casa de comidas chamado “**O chedeiro**” onde a cociñan de diversas maneiras.

## Agora e tempo de lampreas

Escrito por Antonio Valverde  
Xoves, 06 Xaneiro 2011 21:52

---

